

**CCOO**

INFORMA

NOMEAMENTOS DE PERSOAL EVENTUAL DE CONTINUIDADE

<<< CONSULTA COA TÚA DELEGADA SINDICAL DE CCOO >>>

¿Para que se creou no SERGAS este modelo de contrato?

Supostamente para proporcionar unha maior estabilidade laboral aos profesionais temporais, evitando a sucesión de nomeamentos de curta duración e para garantir a cobertura máis eficaz das necesidades asistenciais.

¿Considéranse postos estruturais?

Non, estes nomeamentos son para as necesidades conxunturais que se produzan a consecuencia de ausencias derivadas de vacacións, licenzas, permisos, IT e outras ausencias imprevisibles. É dicir, **non crean prazas**.

¿Para que categorías profesionais se contempla estes contratos?

- Médico/a de familia de Atención Primaria.
- Pediatra de Atención Primaria.
- Enfermeiro/a.
- Celador/a (desde febreiro 2026).
- TCAE (desde febreiro 2026).

¿Que características teñen estes contratos?

- A súa aceptación é voluntaria.
- Ten unha duración máxima de 3 anos (prórrogas 12 meses obrigatorias).
- Considéranse, a efectos de chamamentos, unha oferta de longa duración.
- Cabe a renuncia, sen penalización, para aceptar unha interinidade.
- Dereito a desfrute de vacacións, LDs, permisos e descansos a igual que o persoal fixo e interino.
- Procurarase que este persoal teña fixado mensualmente o 80% por cento da súa carteleira. O 20% restante, váiselles asignando según necesidades asistenciais. **Isto non se está cumprindo.**
- Procurarase a equidade na distribución das gardas en sábado, domingo e festivo.

¿Por que CCOO non defende este tipo de contratos?

CCOO non asinou o Acordo que regula a formalización dos nomeamentos de continuidade para persoal estatutario eventual porque **non se crean prazas estruturais e mantén a temporalidade** no emprego. Dito Acordo foi asinado por CESH-OMEGA, UGT, CSIF e SATSE e publicado no DOG do 31.01.2019.

A realidade é que a maioría dos aspirantes que escollen estes contratos non rematan os 3 anos e foxen deles en canto teñen a oportunidade.

22 de xullo do 2026



Páxina Web: sanidad.ccoo.es/galicia



Facebook: facebook.com/CCOO.Sanidade.Galicia



Instagram: @ccoosanidadegalicia



X (Twitter): @ccoofssgalicia